

FAI FUME

No gume e devalo dos días

27.02.2008

MANUEL VIDAL VILLAVERDE

Leo estes días todo canto se publica e reedita a propósito de Xosé María Álvarez Blázquez, pai dos meus amigos Pepe, Alfonso, Berta e Celso, de nobre estirpe, Galicia no corazón, na redención do tempo, no devalo pois, das horas como esa onda leve deste inverno cabo de nosoutros, morneza dos días para serenarmos neste tedio, se certa é a inverniza, ou talvez disfrace de primavera a pouco menos dos días que leva un mes. Onte, en Coruxo, a me asollar mentres caía como en fite a liña imaxinaria do horizonte, lía ese monllo de poemas que constitúe *Roseira do teu mencer*, nunha nova edición cun epílogo biográfico de Darío Xohán Cabana e fermosos debuxos de Manolo Uhía. Como ben saberán os lectores e as lectoras deste devalo, o libro que digo son poemiñas dedicados á filliña morta María Luisa, Colorín. Son cancións que teñen fado, para lerlles ós meniños e tamén este meniño que un foi é xa non é, e vai cara a canga dos vellos. Nos substantivos e mesmo escasos adxectivos que emprega o poeta para ese edificio de branco mármore e algodón, lizgairros verbos estremecen a beleza das palabras que procurou Xosé María, palabras de medo e inocente risa, misterios que son e non, vocábulos no ir e vir do vento que agora é ventíño cando as sombras da noite caen sobre os areais de Coruxo, e xa non pasan os tranvías, vagalumes do empardecido.

Velaí pois, esta prima evocación a xeito de diario entroutras estampas e cadros que agora acontecen na Nación galega, entre chifros e frautas do antano dicir, cando algunhas xentes que se reclaman galeguistas din que o castelán está ameazado aquí, con todo ao seu favor... Patética risa a de Núñez Feijóo e esa farándula de colonizados que en procesión de verbena ven no idioma de Castela un xeito de ser galego. E por que non, postos así, en calquera outra lingua? Eles e elas, claro está non han celebrar o Día das Letras Galegas, pero tampouco o "día de Cervantes", cuxas obras non leron, nin len, se non é a cachos e préstamos doutros, ou do que viron pola TVE. Acaso saben que *El ingenioso hidalgo Don Quixote de la Mancha* é, no fondo, un libro contra a Castela devida en España, unha "viaxe" pola mesquindade do corpus español? Ensaio houbo moitos para explicarmos o Quixote, travesías de luces e de sombras, como aquelas travesías do vivir que lle aconteceron a Cervantes na vida e na morte de Valladolid. Dende Unamuno ao último Torrente Ballester, con Azorín e Martín de Riquer na maré, só, se cadra, León Felipe, exiliado en México, definiu mellor que ninguén a obra de Cervantes: "Aún cabalga por La Mancha la sombra triste de Don Quijote". E a estas horas do devalo que digo, neste gume que non procede do imaxinario, e si o delirio dunha Galicia bilingüe pretendida pola ignorancia filo española dentro e fóra da Nación galega. Ser nacionalista galego é condición natural dos que habitamos e mesmo deshabitamos esta tribo, xeografía de palabras, territorio do corazón máis alá dos conceptos e a terminoloxía poética; máis alá de Valle-Inclán e Manoel Antonio, para quen queira entender, que entenda. Galicia é monolingüe, só ten un idioma que é o galego, aínda que algúns galegos que poden ser feixe, monte e morea, se adscriban dun xeito espúreo a outros idiomas coñecidos para elas e eles, cal é o caso do castelán ou español, se queren. No caso do idioma -e neste-, poderíamos aplicar o do credo ou credos, porque non é máis que unha opción de liberdade persoal, e polo tanto limitada ás necesidades e mesmo limitacións íntimas, é dicir, que elas e eles son libres de falar, escribir, ou crer no deus que lles pete, pero esa liberdade bate frontalmente contra ese nós-outros que é o idioma natural de Galicia: sen discusións, o galego e non outro, en Vigo, ou en calquera outro lugar da nosa xeografía. Poden algúns galegos e galegas ser católicos, apostólicos e romanos, pero isto só atinxe ao espírito, esa vaguidade etérea que nós respectamos, lonxe das institucións deste autogoberno que temos, para ben e para mal. "Galicia non se vende". Retorno aos outros poemas de Xosé María Álvarez Blázquez, este derradeiro mércores de febreiro.